

5.- Adjudicación:

a) **Data:** 28/10/2015

b) **Contratista:** COPCISA S.A.

c) **Nacionalidade:** Española

d) **Orzamento máximo do contrato:** 867.834,71 euros, mais o 21% de IVE (182.245,29 euros) o que supón un total de 1.050.080,00 euros

6.- **Data de formalización:** 30 de outubro do 2015. O ALCALDE, P.D. TENENTE-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía núm 15005026). Asdo.: Ana Prieto Nieto

R. 4127

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do día 21 de outubro de 2015, polo que se aprobou a forma de adjudicación por procedemento aberto para a **CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE DEMOLICIÓN E REPOSICIÓN Ó ESTADO INICIAL DAS OBRAS FEITAS EN TOLDA DE CASTELA NO EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA 137/02 EN EXECUCIÓN DA SENTENZA 371/1998. APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADJUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADJUDICACIÓN (EXP. REF. 22-2015)**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adjudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** **CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE DEMOLICIÓN E REPOSICIÓN Ó ESTADO INICIAL DAS OBRAS FEITAS EN TOLDA DE CASTELA NO EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA 137/02 EN EXECUCIÓN DA SENTENZA 371/1998. APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADJUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADJUDICACIÓN (EXP. REF. 22-2015)**

b) **Prazo de execución da obra:** DOUS MESES contados a partires do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adjudicación.

a) **Tramitación:** ordinario

b) **Procedemento:** aberto

4.- **Valor estimado do contrato:** 72.533,35 euros. IVE excluído.

5.- **Orzamento máximo:** O prezo de licitación e de 87.765,35 euros.

6.- **Garantías definitiva:** 5% do importe de adjudicación, excluído o IVE.

7. Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-72-56, 29-73-01.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.es (Zona de servizos: perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

8.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados no prego de cláusulas administrativas

9.- **Obrigas contractuais esenciais e condicións esenciais de execución:**

Este contrato ten condición esencial de execución prevista na cláusula decimo oitava do prego de cláusulas administrativas (art. 227 y 228. bis TRLCSP)

Este contrato inclúe obrigas contractuais esenciais prevista na cláusula décimo novena do prego de cláusulas administrativas.

10.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 26 días naturais contados a partires do día seguinte ó da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula decima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de condicións.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta : dous meses.

11.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural posterior o remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

12.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

13.- Gastos dos anuncios: 80,21 euros que serán por conta do contratista adxudicatario

Lugo, 5 de novembro do 2015. O ALCALDE, TENENTA-ALCALDE DA AREA ECONOMIA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONOMICO. Asdo: Ana Prieto Nieto

R. 4131

MONTERROSO

Anuncio

Información pública

O Pleno do Concello en sesión extraordinaria realizada o día 29 de outubro de 2015 aprobou inicialmente a modificación de créditos, concesión de créditos extraordinarios e de suplementos de crédito, financiados con cargo ó remanente líquido de tesourería e a aprobación inicial do cadro de persoal consonte ó disposto no Texto refundido da lei reguladora das facendas locais por importe de 27.188,82 euros

O expediente expone ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións (artigo 170 do TRLFL). O expediente considerase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Monterroso, 3 de novembro de 2015. O alcalde, Jesús Otero Calvo

R. 4096

OUIROL

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado o expediente de modificación de créditos, modalidade transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias pertencentes a diferente área de gasto, dentro do vixente orzamento municipal, por acordo adoptado en sesión plenaria extraordinaria do dous de outubro de dous mil quince, de acordo co preceptuado e en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación con 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo do 2004, faise público que, despois de dito expediente, o resumo do capítulo do estado de gastos, do referido orzamento queda da seguinte forma: